



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BASES QUE REXERÁN O CONCURSO DE DISFRACES DE ADULTOS PROGRAMADO POR MOR DO ENTROIDO 2019 NO CONCELLO DE PONTEDEUME

Con motivo da celebración do concurso de disfraces de adultos que desenvolve o Concello de Ponte deume, dentro das actividades do Entroido 2019, establece as presentes bases que rexirán dito evento.

I. Participación

1.1 - Para poder participar e optar aos premios, cubrirase (en todos os seus apartados) a solicitude de inscrición, e presentarse no Departamento de Cultura, sito na Avda. do Peirao – Baixo s/n (Edificio de Xulgados), antes do Venres 1 de marzo ás 13 horas, tamén poderanse inscribir no lugar do concurso dende as 23:00 horas do Sábado 9 de marzo ata as 00:15 do Domingo. Dita inscrición solicitarase no Departamento de Cultura do concello.

1.2 - Poderán participar todos/as persoas maiores de dezaseis anos (cumpridos).

1.3 - Os participantes terán que subir o palco para que o xurado poida puntuar o disface.

1.4 – Poderán participar nas categorías de grupo e individual sempre que se cumpran estas Bases.

1.5 - Na categoría individual poderán participar unha, dúas ou tres persoas como grupo individual. Na categoría de grupo, o grupo estará formado como mínimo por catro persoas.

II Lugar e data de participación

2.1 - O Concurso de disfraces de adultos terá lugar na Praza de San Roque (Praza da Calzada) do Concello de Ponte deume ás 00:30 horas da madrugada do Domingo 10 de marzo de 2019.

III Premios

3.1 - No apartado de premios, serán dúas categorías:

- Individual
- Grupo.

Haberá tres premios por categoría, podendo os participantes optar a varios premios dentro da súa categoría. Os premios serán:

Categoría Individual. Premio á dificultade de elaboración. 150 €

Categoría Individual. Premio á orixinalidade e enxeño. 150 €

Categoría Individual. Premio á vistosidade. 150 €

Categoría Grupo. Premio á dificultade de elaboración. 200 €

Categoría Grupo. Premio á orixinalidade e enxeño. 200 €

Categoría Grupo. Premio á vistosidade. 200 €

3.2 - O abono dos premios aos gañadores dos concursos desenvolverase do seguinte xeito:

3.2.1 -Opción abono por banco:

Grupo Individual e Grupo, os gañadores de cada categoría nos días seguintes, despois da celebración do concurso, presentarán no departamento de Intervención:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Fotocopia do DNI:

- Certificación de conta bancaria, no que se desexa que se realice o ingreso. No caso de que dita conta non sexa ao seu nome, declaración escrita do gañador que indique o número de conta no que se fará o ingreso.

3.2.2 -Opción abono despois de desenvolto o concurso:

Grupo Individual:

- Os participantes premiados antes de recoller o premio entregarán unha fotocopia do seu DNI.. Si o grupo individual está formado por dous ou tres membros, a fotocopia do DNI. sera o da persoa que cubra a ficha de inscrición.

- Cubrirán un documento no que se especifique este desexo

- Cubrirán un recibo no que se indique a entrega de dito premio, nese momento, por parte da organización.

Grupo :

- O representante do grupo, que coincidirá ca persoa que firma a inscrición, será o encargado de cobrar o premio.

- Entregará unha fotocopia do seu DNI.

- Cubrirá un recibo no que se indique que desexa se lle entregue dito premio, nese momento, por parte da organización

De non presentarse a documentación requerida antes do día 29 de marzo entenderase que renuncian ao cobramento do premio.

IV Desenvolvemento do Concurso

4.1 - A inscrición implica coñecer e aceptar as Bases do Concurso.

4.2 - A orde de participación será por rigurosa orde de inscrición.

4.3 - Os premios poderán quedar desertos se o xurado o estima oportuno.

4.4 - Calquera dúbida que poida xurdir no desenvolvemento do concurso, o xurado terá potestade para resolvela.

4.5 - A composición do Xurado farase pública no taboleiro do Concello antes do mencionado evento. Dito xurado estará composto, como mínimo, por tres persoas. Tratarase que teñan experiencia e coñecementos neste tipo de eventos.

4.6- O incumprimento dalgunha destas bases implica a descalificación e baixa no Concurso.

V Publicidade das Bases

5.1 – As presentes Bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, nos distintos taboleiros que o concello ten polo pobo e parroquias, así como nas redes sociais e páxina web.

